



PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A ATENCIÓN A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Por Orde da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 18 de agosto de 2014, publicada no DOG do 26 de agosto (corrección de erros publicada no DOG do 28 de agosto), regúlase o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade cos criterios establecido no artigo 9 da devandita orde,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> a resolución provisional das axudas, na que se inclúe a cantidade asignada a cada centro que figura no anexo I. No anexo II figuran os centros excluídos e o motivo da exclusión.

Esta resolución provisional comunicaráse aos interesados a través do correo electrónico.

Segundo. Contra esta resolución provisional poderanse formular alegacións e achegar os documentos que se consideren pertinentes no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2014

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

  
José Manuel Pinal Rodríguez

